



Roj: **AAP PO 1535/2009 - ECLI:ES:APPO:2009:1535A**

Id Cendoj: **36057370062009200144**

Órgano: **Audiencia Provincial**

Sede: **Vigo**

Sección: **6**

Fecha: **18/12/2009**

Nº de Recurso: **4283/2008**

Nº de Resolución: **260/2009**

Procedimiento: **CIVIL**

Ponente: **JUAN MANUEL ALFAYA OCAMPO**

Tipo de Resolución: **Auto**

AUD.PROVINCIAL SECCION N. 6

PONTEVEDRA

AUTO: 00260/2009

AUDIENCIA PROVINCIAL DE

PONTEVEDRA

Sección 006

Domicilio : C/LALÍN, NÚM. 4 - PRIMERA PLANTA - VIGO

Telf : 986817388-986817389

Fax : 986817387

Modelo : AUT01

N.I.G.: 36038 37 1 2008 0600988

ROLLO : RECURSO DE APELACION (LECN) 0004283 /2008

Juzgado procedencia : JDO. 1A.INST.E INSTRUCCION N. 2 de REDONDELA

Procedimiento de origen : EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000290 /2007

RECURRENTE : ITAIPU-TRADE,S.L.

Procurador/a : JOSE JAIME PEREZ ALFAYA

Letrado/a : LUIS ORGE MIGUEZ

RECURRIDO/A : Melchor

Procurador/a : NATALIA ESCRIG REY

Letrado/a : MARIA CRISTINA BUGARIN GONZALEZ

A Sección Sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra con sede en Vigo, composta polos maxistrados Ilmo/ s. Sr/es.

Magistrado/s: D. Jaime Carrera Ibarzábal, D. Juan Manuel Alfaya Ocampo e D. Julio Picatoste Bobillo, pronunciou

NO NOME DO REI

o seguinte

AUTO nº 260/09

En Vigo, a dezaoito de decembro de dos mil nove.



VISTOS en grao de apelación, ante a Sección Sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra, os autos do Xuízo Execución Títulos Xudiciais 290/07, procedentes do Xulgado de 1ª Instancia Núm. 2 de Redondela, ós que correspondeu o rolo 4283/08, nos que aparece como parte apelante demandado ITAIPU-TRADE S.L., representada polo/a procurador/a D./D.ª JAIME PÉREZ ALFAYA e asistida do/da letrado/a D./D.ª LUIS ORGE MÍNGUEZ, e como parte contra a que se apela e demandante D./D.ª Melchor, representada polo/a procurador/a D./D.ª NATALIA ESCRIG REY e asistida polo/a letrado/a D./D.ª CRISTINA BUGARÍN GONZÁLEZ.

É o maxistrado relator D. Juan Manuel Alfaya Ocampo, quen expresa o parecer da Sala.

I. ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro: O Xulgado de 1ª Instancia Núm. 2 de Redondela, con data do 9 de xullo de 2008, ditou un auto coa seguinte parte dispositiva:

"Dispongo: Que desestimo el recurso de reposición interpuesto contra el auto de adjudicación de fecha 5 de junio de 2008, confirmando el mismo en todos sus extremos. Igualmente procede rectificar el mencionado auto de adjudicación de fecha 4 de junio de 2008, declarando que los adjudicatarios de los bienes inmuebles realizados son Melchor y demás miembros de la Comunidad Hereditaria de Roque."

Segundo: Contra o dito auto, o/a procurador/a D./D.ª Jaime Pérez Alfaya, en representación de ITAIPU-TRADE S.L., presentou un recurso de apelación que foi admitido en ámbolos efectos, consonte o disposto no artigo 455 da Lei de axuizamento civil (LAC).

Terceiro: Na tramitación desta instancia cúmplense tódalas prescricións e termos legais.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Ante a falta de concurrencia de licitadores á poxa, o acredor, dentro da alternativa que lle confire artº 671 da L. A. C., optou porque se lle adxudicaran os bens inmuebles embargados polo 50 por 100 do seu valor, ditando entón o Xulgado de primeira instancia auto o día 5 de xuño de 2.008, adxudicando efectivamente os bens ao executante polo valor resultante de deducir do valor taxado ou de mercado o importe dunha carga preferente, e mais concretamente un crédito garantizado con hipoteca, debidamente inscrita no Rexistro da propiedade. E contra desa resolución se alza agora a sociedade executada polo canle do presente recurso de apelación, interesando: A) De xeito preferente, que se revoque o auto de adxudicación, deixando esta sen efecto, co argumento de que a adxudicación dos bens por un valor inferior ao real -moi inferior, pois se atribúe ao acredor pola súa metade do valor, sen que ese valor cubra, por outra banda, a débeda, implica un evidente menoscabo para o debedor. B) Subsidiariamente, que a adxudicación sexa pola metade do valor taxado ou total, e non con deducción do crédito hipotecario subsistente a favor do terceiro, coa argumentación, neste caso, de que o artº 671 da Lei procesual fala, precisamente, de "valor de taxación".

A primeira cuestión estriba entón en determinar se no suposto dunha poxa sen licitadores pode o acredor executante pedila adxudicación do ben, indistintamente, ben polo 50 por 100 do seu valor, ou ben, pola cantidade que se lle deba por todos os conceptos, con independencia por conseguinte da cuantía da débeda. Ou pola contra, e como mantén a executada apelante, a opción de que se adxudique o ben ao acredor tan só é posíbel cando a débeda sexa igual ou inferior a aquela metade do valor, pero non na hipótese contraria, ou sexa, cando a débeda executada sexa superior á metade do valor do ben que se pretende adxudicare. Pois ben, diversos argumentos nos levan a inclinarmos por aquela primeira tese.

En primeiro termo, a literalidade do precepto, ao facultar ao executante a elexir entre as dúas opcións legais coa utilización do vocábulo disxuntivo "ou", que implica a concesión de dúas posibilidades, de sorte que non resultan conseguintemente exhibibles ambas circunstancias de maneira concorrente e acumulativa.

En segundo lugar, e ao carón dese criterio interpretativo literal, unha interpretación, á par sistemática e teleolóxica da norma conduce á mesma conclusión.

Así, e por unha banda, a pauta interpretativa sistemática, de por en relación o precepto a aplicar con outros de semellante contido, tampouco avala a postura da agora apelante, pois, nin a norma específica para o constrinximento de bens mobles, integrada polo artº 651 da L. A. C., exige tampouco o presuposto defendido por ela, nin o artº 671 remítese á exigencia prevista no artº 670. 4, parágrafo terceiro, de que a mellor oferta, ora supere o 50 por 100 do valor, ora, sendo inferior, cubra a débeda, exigencia que se establece, ademais, para o mellor licitador que non sexa, precisamente, o acredor executante, tal como se colixe palmariamente do propio artº 670.



E, por outra banda, unha interpretación teleolóxica -preferente, dacordo co inciso último do parágrafo primeiro do artº 3 do Código civil -, e sen esquecer tampouco a pauta histórica, sancionada por igual nese artigo, levaríanos á mesma inferenza, dado que coa exixencia da lexislación actual, de que nas poxas sen licitadores, caiba a posibilidade de que o acreedor se adxudique o ben pola metade do seu valor, se está cohonestar os intereses das partes, tanto da executante, que obtén dese xeito unha realización pronta do seu dereito, evitándose situacións patolóxicas de demora na efectividade do crédito, como da parte executada, poñéndose agora couto a situacións inxustas, propiciadas pola lexislación anterior (artºs. 1.501 a 1.510 da Lei de 1.881), que neses supostos de poxas desertas permitía a adxudicación do ben a favor da executante a prezos ínfimos. Ou por facernos eco do pensamento recollido na propia Exposición de Motivos da Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, ao falar dos cambios operados no procedemento de constrinximento, sinala que as súas disposicións "están encamiñadas a lograr, dentro do posible segundo as regras do mercado, un resultado máis satisfactorio para o debedor, procurando, ademais, reducir o custo económico". E todo iso no entendimento de que non pode falarse nunca de enriquecemento inxusto nin de abuso de dereito por parte do acreedor que opta porque se lle adxudique o ben embargado en defensa do seu crédito, aínda que o prezo de adxudicación sexa inferior -notablemente inferior, incluso- ao valor real do ben, de conformidade coa doutrina xurisprudencial, da que son expresión as sentenzas de 8 de xullo de 2.003 e 24 de maio de 2.007.

En conclusión, nos supostos de poxas sen licitadores o acreedor ten a facultade de solicitar que se lle adxudique o ben pola alternativa prevista no artº 571, ou sexa, polo 50 por 100 do seu valor, ou pola cantidade que se lle deba por todo os conceptos, sen que ese artigo prevea e exixa, para que poda optar por aquela primeira proposta, que a débeda que se executa sexa igual ou inferior á metade do valor do ben, distingo que non o fai aquel artigo expresamente, nin mediante unha remisión ao artigo anterior, e ao non realizar o lexislador esa distinción tampouco nos podemos facelo pois, en último termo, e xa para pechalo círculo argumental, os dous artigos prevén casos netamente diferenciados, un deles, de poxa con licitadores - artº 670 -, e o outro, mais traumático para o acreedor, e tamén para o debedor, de poxa sen licitadores - artº 671 -.

Segundo: Acollemos, pola contra, o segundo dos pedimentos da executada apelante, de que o valor do ben a tomar en conta sexa o taxado, e non descontando as cargas. Primeiramente, pola propia literalidade do artº 671 da Lei de axuizar, ao utilizar a expresión, tamén diáfana e carecente de equivocidade, "valor de taxación". En segundo termo, porque recorrendo ao remedio interpretativo sistemático chegamos ao mesmo entendimento, pois noutros artigos -por exemplo, no artº 670 - se emprega a carón desa frase, a de "valor polo que saíu a poxa". En terceiro lugar, porque non semella que esa dualidade sexa de simple estilo ou sen contido propiamente diferenciador, dado que o valor taxado do ben embargado non ten necesariamente porque coincidir co valor polo que sae a poxa, como sucede, precisamente, cos supostos da existencia de cargas sobre o ben. Derradeiramente, e en conxunción coas anteriores consideracións, esa distinción non é baladí, pois aínda que poda non ter trascendencia para o executado, sí pode tela para o executante e para outros terceiros acredores, xa que se adxudícase ao executante o ben trabado polo 50 por 100 do valor polo que saíu a poxa (descontando as cargas anteriores preferentes), o posible remanente sería inferior obviamente ao que resultaría de partir do valor taxado do ben, co corolario inevitábel, naquel primeiro suposto, da diminución da garantía dos restantes acredores, distintos do executante, para a efectividade dos seus créditos respectivos.

Terceiro: Non facemos unha especial declaración sobre as custas procesuais desta alzada (artºs. 394 e 398 da L. A. C.).

Por todo o exposto, e pola autoridade que a este Tribunal lle outorgan a Constitución e o pobo español,

III. PARTE DISPOSITIVA

Con acollida parcial do recurso de apelación formulado por ITAIPU-TRADE S.L. representada polo Procurador Jaime Pérez Alfaya contra o auto ditado polo Xulgado de Primeira Instancia nº 2 de Redondela o día 9 de xullo de 2008, se adxudican os predios litixiosos á parte executante, Melchor e demais membros da comunidade hereditaria de Roque, pola suma de 253.514,1 euros, confirmándose a resolución recorrida en todas as súas demais pronuncias. Non facemos unha especial declaración sobre as custas procesuais desta alzada.

Notifíquelles esta resolución ás partes.

Esta é a nosa resolución, que asinamos, e que se redacta en galego consonte o establecido no art. 3.2 e 3 da Constitución española; no art. 5.1, 2 e 3 do Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril; e nos arts. 1, 2, 6.3, e 7.2 e 3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, da Comunidade Autónoma de Galicia, de normalización lingüística.

PUBLICACIÓN: En la misma fecha fue leída y publicada la anterior resolución por el Ilmo. Sr/a. Magistrado que la dictó, celebrando Audiencia Pública. Doy fe.



DILIGENCIA: Seguidamente se procede a cumplimentar la notificación de la anterior resolución. Doy fe.

FONDO DOCUMENTAL CENDOJ